



asociación de
**escritoras
escritores**
en lingua galega
www.aelg.gal

DEREITOS, OBRIGAS E RELACIÓNS DAS ESCRITORAS E ESCRITORES COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A OBRA LITERARIA E A PROPIEDAD INTELECTUAL

Ania González Castiñeira



Deputación
DA CORUÑA



CENTRO ESPAÑOL DE DERECHOS REPROGRÁFICOS
www.cedro.org

Libro branco da
Asociación de Escritoras e Escritores
en Lingua Galega

INDICE

Dereitos, obrigas e relacións das escritoras e escritores coa administración pública.....	3
Relacións coa Seguridade Social.....	4
Relacións con Facenda	6
A obra literaria e a propiedade intelectual	13
Dereitos morais e dereitos patrimoniais	14
Límites dos dereitos de propiedade intelectual	16
A transmisión dos dereitos de explotación	19
O contrato de edición.....	21

Dereitos, obrigas e relacións das escritoras e escritores coa administración pública.

No ámbito do dereito, como ocorre no literario, o significado das verbas e expresións non é nunca neutro. Máis a alá da referencia inmediata do que podemos entender cando falamos de autoría, actividade profesional ou obra literaria existe unha rede material e positiva de relacións, posicións teóricas, acordos e normativa vixente que determinan con carácter radical, o marco de realidade no que as prácticas artísticas se desenvolven tanto na comunidade social, no mercado, como no ámbito da administración pública. Resulta indispensable, polo tanto, para a seguridade das autoras de obras literarias coñecer os elementos concretos que configuran ese marco material. É obxecto deste informe abrir unha canle de acceso aos conceptos e as fontes necesarias para un entendemento xeral que capacite ás escritoras e escritores para identificar as súas necesidades de asesoramento, dereitos e obrigas básicas.

A actividade literaria pode adoptar diferentes formas: a creación de obras literarias, a redacción de colaboracións periódicas ou artigos en publicacións periódicas, a elaboración de textos de encargo, presentacións ou traducións, charlas, ponencias ou seminarios docentes, entre outras. Cada unha de estas formas imporá un tipo concreto de obrigas e dereitos fronte á administración pública. Vexamos pois cales son as principais.

Da creación individual ou colectiva de toda obra literaria nace un conxunto de dereitos persoais e exclusivos de índole moral e patrimonial chamados de propiedade intelectual aos que pola súa especial entidade adicamos o informe específico sobre propiedade intelectual da obra o cal se inclúe tamén na presente publicación. Dito isto, a creación literaria pódese realizar de maneira individual, en tanto persoas físicas ou ben de maneira asociada mediante a constitución dunha persoa xurídica independente como poida ser unha sociedade mercantil de responsabilidade limitada, unha cooperativa de traballo ou de servizos ou unha asociación sen ánimo de lucro. O máis habitual é que a actividade literaria se leve a cabo de maneira individual, é dicir, como persoa física, aínda que sexa na modalidade de persoa física empresaria individual.

Toda persoa que perciba de maneira habitual unha contraprestación económica pola realización dunha obra literaria, un traballo ou un servizo está obrigada a declarar e autoliquidar os rendementos que obteña, é dicir, é suxeito pasivo de diferentes impostos. Pero o feito de recibir rendementos económicos está sometido ademais de ao gravamen tributario fixado por Facenda e xestionados pola Axencia Tributaria, á suxección de determinadas relacións coa Seguridade Social. Para identificar cales destas relacións afectan ás autoras e autores de obras literarias o primeiro que debemos identificar é se a contraprestación obtida pola realización da nosa actividade literaria trátase dun rendemento esporádico ou habitual e por tanto trátase da obtención dun redemento do traballo ou pola dun rendemento de actividade económica.

Os rendementos económicos percibidos en concepto de explotación dos dereitos patrimoniais de propiedade intelectual, coñecidos como dereitos de autor, son considerados por imperativo legal como rendementos do traballo sempre e cando a explotación de ditos dereitos esté cedida a un terceiro (por exemplo a unha editorial ou axente literaria).

Así o establece o artigo 17.2 d) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas: *“Considéranse rendementos do traballo os rendementos derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.”* Isto quere dicir que por exemplo no caso de recibir rendementos derivados dunha obra autoeditada onde os dereitos exclusivos permanecen na esfera persoal da autora ou autor, non poderíamos considerar eses rendementos como rendementos do traballo, senón rendementos dunha actividade económica exercida por unha traballadora autónoma, profesional ou empresaria individual. Se pola contra trátase de rendementos obtidos pola venda dunha obra literaria editada por unha entidade mercantil á que previamente a autora ou autor cede a explotación dos seus dereitos patrimoniais de propiedade intelectual mediante contrato de edición, estes rendementos consideraríanse rendementos do traballo o que os achegaría no seu tratamento fiscal ao concepto de salario ou de renda obtida pola realización dun traballo ou a propiedade sobre certo capital mobiliario respectivamente dependendo de se os rendementos os obtén a autora ou autor en persoa ou un terceiro ou as súas herdeiras. Esta distinción resulta necesaria pois, como decíamos, para determinar que obrigas tributarias correponden ás autoras e autores e cal vai ser a súa relación coa Seguridade Social.

Relacións coa Seguridade Social

A persoa física autora dunha obra literaria que percibe unicamente unha contraprestación económica en concepto de dereitos de autor aboada por quen tendo cedida a explotación deses dereitos paga unha cantidade a tanto alzado, un anticipo ou unha porcentaxe periódica dos beneficios obtidos coa explotación da obra literaria ou ben pola entidade de xestión colectiva correspondente – neste caso CEDRO –, en concepto de dereitos de simple remuneración (compensación por copia privada, copias digitais en universidades ou préstamo público), non está suxeita á obriga de tramitar a súa alta na Seguridade Social como traballadora por conta propia ou autónoma. Agora ben, o anterior entendido coa maior das prudencias e tendo sempre en conta que segundo o artigo 2º.1 do *Decreto 2530/1970, de 20 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos*: *«Aos efectos deste réxime especial, entenderáse como traballador por conta propia ou autónomo aquel que realiza de forma habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas.»* A principal fundamentación da anterior afirmación reside no feito de que a creación artística de obras literarias non está considerada na normativa vixente en materia de IRPF, como unha actividade económica, senón como un concepto asimilable ao traballo asalariado. No ben entendido de que esta afirmación non inclúe, en ningún caso, actividades conexas á creación literaria como a autoedición, coedición ou edición de obras literarias que sí son consideradas legalmente actividades económicas, nin como dicíamos, aqueles supostos nos que aínda que se perciban rendementos económicos en concepto de dereitos de autor – xa sexan por dereitos exclusivos de explotación ou por dereitos de xestión colectiva de simple remuneración –, non se teña cedida a súa explotación. Esta cuestión clave ten certa prioridade interpretativa no caso das escritoras e escritores, sobre outros criterios xerais como a habitualidade ou a cuantía neta (deducidos os gastos) dos ingresos percibidos á hora de determinar se unha persoa física é ou non unha traballadora por conta propia ou autónoma e polo tanto está obrigada a darse de alta no RETA da Seguridade Social.

Como ffacilmente se pode deducir a delimitación de dita obriga depende de criterios que en ningún caso poden interpretarse de maneira xeral e que requiren dun estudio pormenorizado e singular de cada caso, non debendo interpretar a afirmación anterior máis que como unha guía para identificar os conceptos clave que determinan a relación dunha escritora ou escritor coa Seguridade Social. Como dicíamos, ao feito de que os rendementos obtidos en concepto de dereitos de propiedade intelectual se consideren rendementos do traballo – sempre que se ceda a súa explotación – hai que aplicar tamén o criterio xeral da habitualidade aos efectos de determinar a posible obrigatoriedade da alta no RETA da Seguridade Social.

Cando unha autora ou autor percibe únicamente de forma esporádica e en cuantías non moi elevadas, rendementos do traballo derivados da súa autoría é máis sinxelo concluir que non realiza unha actividade económica de forma directa, persoal e habitual e polo tanto non se considere unha traballadora autónoma. A situación muda, sen embargo, cando ditas remuneracións percibidas de forma habitual constitúen o medio de vida ou fonte de ingresos principal da autora e esta mantén na súa esfera persoal, sen cedelos a terceiros, os dereitos de explotación das súas obras, ou ben sírvese da contratación de terceiras persoas para a realización de traballos de asistencia, secretariado, asesoramento, edición, maquetación ou tradución ou incluso exerce como editora ou distribuidora das súas propias obras, as coedita ou vende ou ben edita, coedita ou vende e distribúe obras alleas. Nese caso resulta evidente que existe unha ordeación de medios orientada á produción dun ben ou a prestación dun servizo, é dicir, unha actividade económica realizada de forma habitual, directa, persoal e a título lucrativo. Polo tanto, neste suposto a autora é unha traballadora por conta propia ou autónoma suxeita á obriga de tramitar a súa alta no RETA da Seguridade Social e aboar a cuota mensual que lle corresponda. Máis alá da claridade que amosan estas dúas situacións opostas, as dificultades interpretativas respecto das relacións coa Seguridade Social xorden, como é evidente no espazo fronterizo entre unha e outra. Unha situación na que se atopan a maioría de escritoras e escritores que inician ou desenvolven a súa carreira en concorrencia con outras actividades profesionais ou concretas situacións persoais.

A modo de resumo, no caso de adicarse á actividade literaria de xeito non exclusivo, por non constituir unha actividade habitual ou non ser o medio de vida principal, obter rendementos económicos en concepto de dereitos de autor e ter cedida a explotación de ditos dereitos a terceiros, bastará con cumprir a obriga de declaración dos ingresos percibidos en concepto de rendementos do traballo na declaración anual do IRPF ou declaración da Renda das persoas físicas, xa sexa como únicos ingresos percibidos ou como complemento do salario obtido en virtude dunha relación laboral en outro ámbito. En calquera outro caso no que se realice a actividade literaria de forma máis ampla, exercida de forma habitual como medio de vida principal, se obteñan rendementos económicos en concepto de dereitos de autor, sen ter cedida a súa explotación a terceiros, combinada coa actividade de autoedición, coedición ou edición de obras literarias e en todo caso se conte co traballo asalariado doutras persoas ou colaboradoras para a produción de bens ou a prestación de servizos, entenderase que a escritora ou escritor, persoa física, realiza unha actividade económica como traballadora por conta propia ou autónoma profesional ou empresaria individual e polo tanto terá a obriga e o dereito de tramitar a súa alta no sistema RETA da Seguridade Social e obter as coberturas e prestacións sociais que lle correspondan.

Hai que dicir que actualmente está pendente de negociación gubernamental unha reforma tanto da cuota como das bases de cotización aplicables ao RETA mais coa situación vixente a Alta no RETA implica o pago dunha cuota mensual bonificada durante os primeiros doce meses por importe de sesenta euros sempre e cando se cumpla cos requisitos esixibles para a bonificación. Cuota que aumentará proporcionalmente entre os doce, dezaioito, vinte e catro e trinta e seis meses seguintes ata acadar a cuota íntegra. Existen outras bonificacións relativas á idade das autónomas e autónomos, á poboación do seu municipio, a situación de discapacidade, maternidade, paternidade ou situación asimilada, á conciliación familiar, á condición de autónomas colaboradoras (familiares) ou por criterio territorial (Ceuta e Melilla). Tamén é importante ter en conta que é posible darse de alta no RETA ata en tres ocasións dentro do periodo anual o que permite concentrar os gastos, cotizacións e coberturas sociais no periodo do ano coincidinte co periodo de facturación. En canto a aplicación destas singularidades, compre consultar na Seguridade Social tanto as obrigas xerais como as normativas aplicables á nosa especial situación persoal antes de levar a cabo calquera trámite ou declaración especialmente nun momento como o actual de grande produción e modificación normativa debido á situación de excepcionalidade e a vixencia dos compromisos legislativos relativos ao futuro Estatuto do Artista e das traballadoras culturais.

Relacións con Facenda

No caso de que a escritora ou escritor se adique á creación literaria ou/e a autoedición, coedición ou edición entendidas ambas en sentido xurídico como actividades económicas, estará sometida ás mesmas obrigas xerais fronte a Facenda e a Axencia Tributaria que calquera outra autónoma profesional ou empresaria. A primeira destas obrigas é a tramitación alta censal no Censo do Imposto de Actividades Económicas (IAE), no epígrafe que corresponda mediante a cumplimentación e presentación do modelo 036 ou 037. Se ben non existe un epígrafe específico para a actividade da escritura ou creación literaria, en certo modo porque a creación literaria respecto ao IRPF non se considera actividade económica propiamente dita senón un concepto asimilado ao traballo, actualmente as profesionais do ámbito acóllense ao epígrafe 861.2 relativo a pintores, escultores, ceramistas, artesáns, grabadores e artistas similares o cal comprende por extensión, a creación literarias. No caso de realizar actividades relativas á edición ou autoedición, corresponde o epígrafe 476.1 relativo á edición de libros. A alta no censo do IAE é gratuita e implica a comunicación da realización dunha actividade económica e polo tanto o nacemento da obriga xeral de presentar as autoliquidacións trimestrais do IRPF e do IVE así como os resumos anuais de ambos impostos e demáis declaracións informativas que resultaran esixibles e que veremos máis adiante.

Compre lembrar que o Imposto de Actividades Económicas (IAE), diferente do censo de actividades económicas, grava o mero exercicio de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, así o artigo 79 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais di: *“Considerase que una actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supoña a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou de un de ambos, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos”*. Se ben as persoas físicas están exentas do pago deste imposto e as persoas xurídicas só tributan a partir dun volume de ingresos superior ao millón de euros.

Tomando en consideración a normativa vixente en materia de administración electrónica, a cal non obriga ás persoas físicas en xeral pero sí ás persoas xurídicas e entidades sen ánimo de lucro entre outras, convén por non dicir que é imprescindible, ter activado o DNI electrónico, solicitar na administración que corresponda o certificado dixital ou ben rexistrarse no sistema Chave365 ou Cl@ve PIN para a realización de trámites na sede electrónica da Axencia Tributaria. Tamén é necesario ter presente que cando nun impreso, solicitude ou trámite ante a administración pública se autoriza a realización de notificacións por medios electrónicos non se está a solicitar a notificación por correo electrónico senón mediante aviso ao enderezo electrónico facilitado das notificacións que se poderán descargar co DNI electrónico, certificado dixital ou Cl@vePIN obtida mediante o sistema Chave365, no portal electrónico da administración que corresponda, sendo o máis habitual o Notifica.gal da Xunta de Galicia.

Como dicíamos, a alta censal mediante o modelo 036 ou 037 da lugar á comunicación da realización dunha actividade económica por conta propia e polo tanto á obriga de presentación das autoliquidacións trimestrais do IRPF, modelo 130, e do IVE, modelo 303. É importante consultar o calendario do contribuínte na páxina web de Axencia Tributaria para coñecer os prazos de presentación. Igual de importante é saber que pese a non realizar ningunha actividade ou non emitir factura algunha durante un trimestre do exercicio fiscal é igualmente obrigatoria a presentación das autoliquidacións do IRPF e do IVE indicando o importe de ingresos cero e o resultado da autoliquidación “negativa” ou ben “sen actividade” se practicamos a deducción de gastos no caso do IRPF ou da cuota de IVE soportado por operacións de consumo interior no exercicio da nosa actividade. No caso de non presentar as autoliquidacións trimestrais mentres persista a situación de alta no censo do IAE e/ou no RETA da Seguridade Social ou presentalas fóra do prazo administrativo imporase unha sanción mínima de cento cincuenta euros sen perxuízo do recargo sobre o importe a pagar que corresponda.

Tratando de facer unha máis clara delimitación dos dous impostos principais, se ben como veremos non serán sempre os únicos, podemos dicir que o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) grava a obtención de rendementos económicos xa sexan de traballo (salarios e conceptos asimilados), de actividades económicas, de capital mobiliario (accións, contas correntes, dereitos de autor cedidos ou herdados, etc...) ou inmobiliario, así como as rendas ou ganancias patrimoniais de natureza irregular ou extraordinaria como premios, subvencións e outros. Xa vimos que os rendementos económicos percibidos en concepto de contraprestación por dereitos de autor xa sexan derivados dun contrato de edición cunha editorial ou ben da remuneración equitativa que por imperativo legal debe xestionar a entidade de xestión colectiva CEDRO ou o operador de xestión independente co que teñamos asinado un contrato de xestión, sempre que teñamos cedidos ditos dereitos exclusivos de explotación a un terceiro (editorial, axente literaria ou outra persoa física ou xurídica), terán a consideración de rendementos do traballo e tratamento similar ao salario.

No caso de non ter cedidos os dereitos de propiedade intelectual e percibir ingresos ben sexa pola liquidación da remuneración equitativa á que facíamos referencia, por creacións literarias que non teñan prevista nin por acordo privado nin por presunción legal a cesión de dereitos de explotación ou pola venta directa de libros, os rendementos obtidos consideraranse rendementos de actividades económicas e terán un tratamento similar aos beneficios obtidos por calquera outro profesional ou empresario no exercicio da súa actividade.

O Imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas implica a aplicación nos recibos e facturas emitidas como perceptores de rendementos económicos en concepto de dereitos de autor, produtores de obras literarias ou ben prestadoras de servizos de colaboración literaria ou de tipo docente, da retención ou gravamen do imposto. Como norma xeral a tipo aplicable é o 15% se ben para as rendas obtidas en concepto de dereitos de autor aplícase o 19% e tamén existe unha bonificación do 7% aplicable durante o ano no que se tramite a alta no censo do IAE ou primeiro ano de actividade e os dous anos seguintes. Os conceptos clave que deben terse en conta para a autoliquidación trimestral do IRPF serán os de base imponible ou rendementos de actividade económica obtidos desde o primeiro día do ano ata o último día do trimestre que se está a autoliquidar, menos os gastos fiscalmente deducibles do mesmo periodo, o que nos dará o rendimento neto obtido en cada trimestre do exercicio. O 20% deste rendimento neto será o importe resultante a pagar ao que haberá que deducir – salvo outras deduccions, reducións ou bonificacións aplicables – os importes positivos pagados en concepto de anticipo en trimestres anteriores do mesmo exercicio e os importes das retencións practicadas nas facturas emitidas. A retención do IRPF debe aplicarse unicamente nas facturas emitidas a persoas xurídicas e entidades públicas e só ás persoas físicas que actúen na relación económica coa autora ou autor como profesionais, non como particulares.

Polo que respecta ao Imposto do Valor Engadido (IVE) este imposto grava a entrega de bens e prestacións de servizos efectuadas por empresarias ou empresarios e profesionais, as adquisiciónns intracomunitarias e as importacións de bens. Os rendementos económicos obtidos pola prestación de servizos realizada por unha escritora ou escritor incluído o pago de dereitos de autor, xa sexa por entrega dunha cantidade fixa única, un anticipo ou periódicamente como liquidación dunha porcentaxe sobre os beneficios obtidos coa explotación da obra literaria por unha editorial, son importes exentos de IVE. En virtude do artigo 20.1.26º da Lei 37/1992 de 20 de decembro do IVE, as facturas emitidas en concepto de servizos profesionais, incluídos aqueles cuxa contraprestación consista en dereitos de autor, prestados por escritores, colaboradores literarios, gráficos e fotográficos de periódicos e revistas, compositores musicais, autores de obras teatrais e de argumento, adaptación, guión e diálogos das obras audiovisuais, tradutores e adaptadores, incluírán o importe da base imponible, é dicir o importe bruto, a deducción do 15%, 19% (ou 7% durante os dous anos seguintes ao ano de alta censal no IAE) en concepto de IRPF – no caso de tratarse dunha persoa xurídica ou persoa física que actúe como profesional – e a adición do 0% de IVE ao ser servizos exentos, con remisión en nota ao pé ao artigo e lei antes referenciados.

O feito de que servizos estén exentos, non significa que aínda que sexan os únicos servizos profesionais realizados no trimestre, e polo tanto non devenguen IVE algún, non exista a obriga de presentar a autoliquidación trimestral correspondente, modelo 303, con resultado cero, ou “sen actividade”, incluíndo a deducción do IVE soportado nas operacións de consumo interior como a compra de libros, material de escritura ou de oficina, consumos de electricidade, Internet ou teléfono entre outros recollidos na normativa vixente sobre o imposto. Será igualmente obrigatorio presentar o resume anual de IVE, modelo 390 no que deberemos incluír o volumen de operacións exentas realizadas no exercicio fiscal. Dependendo da porcentaxe de ingresos obtidos na realización de actividades exentas en relación proporcional coas non exentas deberase aplicar ou non a regra da prorrata xeral ou especial, cuestión complexa que requerirá de consulta profesional ou administrativa aparte.

Se unha escritora ou escritor, ademais dos servizos profesionais recollidos no artigo 20.1.26º la Lei do IVE, realiza outras actividades non exentas como a autoedición, a edición de obra allea, a coedición ou a venda de libros, revistas, publicacións ou obxectos de consumo, deberá aplicar ao importe da base imponible nas facturas emitidas, ademais da retención do IRPF, o tipo do IVE correspondente á actividade que realiza, xa sexa o tipo reducido do 4% cando se trata da venda de libros físicos ou electrónicos ou do 21% se se trata doutro tipo de actividades ou servizos.

En relación coa autoedición, a edición e a venda de libros hai que ter en conta que ademais do modelo tradicional de venda de proximidade ou en librerías de libros físicos hoxe en día está totalmente normalizada a venda noutros formatos como o libro electrónico ou os modelos de distribución a través de plataformas dixitais especializadas. Ademais da recente aplicación ao libro electrónico e demais formatos de publicacións dixitais do tipo reducido do IVE ao 4% a partir do mes de abril de 2020 é importante ter en conta que existen diferencias, a efectos fiscais, se a venda de libros – físicos ou electrónicos – ten lugar na propia web da escritora ou escritor persoa física ou non. Se a venda ten lugar a través da propia web da autora esta será a persoa obrigada a aplicar, recadar e autoliquidar a cuota de IVE devengado. Se polo contrario a venda faise en plataformas dixitais especializadas, xestionadas por sociedades mercantís, cooperativas ou asociacións a cambio dunha comisión, a emisión das facturas pola venda corresponderá a dita entidade, que será o suxeito obrigado á aplicación, recadación e autoliquidación do IVE, sendo a contraprestación que percibe a autora unha contraprestación en concepto de dereitos de autor, exenta de IVE á que haberá que aplicar únicamente a retención do IRPF.

Aínda que non é obxecto deste informe un estudo da fiscalidade internacional, por exceder ao seu obxecto é importante ter en conta que hai diferencias entre realizar vendas e prestacións de servizos entre países membros da Unión Europea ou con outros países extranxeiros non membros cos que haxa ou non tratados internacionais en materia de fiscalidade. É por este motivo que aconsellamos unha lectura detallada das condicións de venda no caso de utilizar plataformas dixitais domiciliadas en países extranxeiros xa que por medio deste tipo de transaccións prodúcese na maioría dos casos a cesión de dereitos e aceptación de condicións de contratación por “adhesión” é dicir, sen capacidade de negociación, o que require dun consentemento informado por parte da persoa usuaria ou consumidora, que cumpra con todas as garantías dos seus dereitos evitando así abusos sobre a propiedade intelectual ou as condicións de contratación.

Mención especial require o caso da autoedición, a coedición ou edición mediante o sistema de *crowdfunding* ou micromecenazgo xa que ten as súas propias implicacións fiscais e as cantidades obtidas soen ser importantes, polo que o incumprimento destas obrigas pode supoñer a imposición de importantes sancións tributarias. Neste caso hai que diferenciar o tipo de aportacións que se solicitan das persoas participantes, as consumidoras ou destinatarias finais da obra literaria. No caso de que a aportación da persoa mecenas se considere unha doazón, por ser unha entrega libre e gratuíta dunha cantidade para apoiar un determinado proxecto editorial, a escritora ou escritor persoa física titular do proxecto e da campaña de financiación tería a obriga de presentar a autoliquidación do Imposto sobre Sucesións e Doazóns no prazo de trinta días hábiles a contar desde a percepción do importe total.

No caso de tratarse a aportación das mecenaz dun microcrédito ou préstamo, en virtude do cal se producirían uns determinados xuros, os mesmos serían gasto deducible na declaración do IRPF da escritora ou escritor persoa física. Por último no caso máis habitual de que as aportacións das persoas participantes na campaña de crowdfunding sexan contraprestacións pola entrega de bens, a escritora ou escritor titular do proxecto ou editora estará suxeita á aplicación, recadación e autoliquidación do IVE correspondente a cada unha das vendas realizadas podendo deducir do IVE devengado nas operacións de venda o IVE soportado que a propia plataforma de servizos de crowdfunding aplique aos importes cobrados en concepto de comisión pola prestación de servizos de mediación e soporte dixital.

En resumo, respecto das relacións dos escritores e escritoras con Facenda compre lembrar que o feito de tramitar a alta censal no IAE implica a comunicación á administración tributaria da realización dunha actividade económica habitual e supón o nacemento da obriga de autoliquidar trimestralmente os rendementos obtidos mediante a declaración do IRPF ou modelo 130, a cuota do IVE devengado minorada no IVE soportado ou modelo 303, o resumo anual do IVE ou modelo 390 e a declaración anual da Renda ou modelo 100. Sen esquecer que existen outras obrigas informativas como a declaración de operacións con terceiros por valor de máis de 3.005,06€ (IVE incluído) mediante o modelo 347 ou a declaración de retencións practicadas a terceiros colaboradores mediante o modelo trimestral 111 e resumo anual 190 así como no caso de realizar entregas de bens ou prestacións de servizos en países membros da Unión Europea, a alta no Rexistro de Operadores Intracomunitarios e a presentación do modelo 349 na modalidade mensual, trimestral ou anual segundo o volume de facturación. Todas estas obrigas son de fácil consulta no propio espazo web da Axencia Tributaria ou ben mediante o servizo de información con cita previa.

Vexamos agora, para rematar, algúns conceptos específicos relativos ás obrigas tributarias producidas por outros conceptos como poden ser os premios literarios, as subvencións ou axudas, as charlas e conferencias ou a especial situación das autoras e autores xubilados.

É habitual que escritoras e escritores se presenten a concursos dos que resultan premios literarios. En xeral, os importes recibidos en concepto de premios literarios están sometidos á declaración anual do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) en concepto de ganancias patrimoniais. Agora ben, de acordo co artigo 7 letra l) da Lei 35/2006 do 28 de novembro do IRPF estarán exentos de declaración : *“Os premios literarios, artísticos ou científicos relevantes, coas condicións que regulamentariamente se determinen, así como os premios «Príncipe de Asturias», nas súas distintas modalidades, otorgados pola Fundación Príncipe de Asturias”*.

Terán a consideración de premios relevantes a concesión de bens ou dereitos a unha ou varias persoas, sen contraprestación, en recompensa ou recoñecemento ao valor das obras literarias, artísticas ou científicas así como ao mérito da súa actividade ou labor, en xeral, en tales materias. Non terán así mesmo consideración de premios exentos as becas, axudas, e en xeral as cantidades destinadas á financiación previa ou simultánea de obras ou traballos relativos as materias citadas. Son requisitos regramentarios da exención antes citada que o concedente do premio non realice ou esté interesado na explotación económica da obra premiada, que o premio non implique nin esixa a cesión ou limitación dos dereitos de propiedade intelectual con excepción da mera divulgación pública da obra sen finalidade lucrativa e por un período non superior aos seis meses.

En todo caso o premio, para que poida considerarse exento do IRPF debe otorgarse respecto de obras executadas ou actividades desenvolvidas con anterioridade a súa convocatoria; entre outros. A declaración de exención deberá solicitarse á Administración Tributaria competente. Dedúcese do anterior que os premios literarios na súa maioría, cando conlevan unha dotación económica ou entrega de bens, constitúen unha renda irregular suxeita á obriga de declaración da Renda ou IRPF que goza dunha bonificación fiscal consistente na redución do importe a declarar nun 30% .

No caso de recibir unha subvención por parte dunha administración pública deberase diferenciar se se trata dunha subvención a unha persoa física sen vinculación á realización dunha actividade económica, como por exemplo unha subvención concedida a unha escritora ou escritor persoa física como fomento á creación literaria. Neste caso o importe recibido constitúe unha ganancia patrimonial suxeita á obriga de inclusión na declaración anual da Renda ou IRPF da autora. É recomendable consultar en todo caso as posibles singularidades de cada unha das axudas ou subvencións recibidas dentro do ano ou exercicio fiscal no que se reciben para evitar posibles infraccións e sancións tributarias.

Polo que respecta á circunstancia ou réxime especial das charlas, conferencias, relatorías ou sesións docentes en seminarios, segundo o establecido no artigo 17.2.c) da Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF: *“En todo caso, terán a consideración de rendementos do traballo: c) Os rendementos derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares.”*. Tal e como xa víramos ao comezo do presente informe sobre os rendementos económicos obtidos en concepto de dereitos de autor, cando a súa explotación está cedida a terceiros, o feito de que estes redementos se consideren como rendementos do traballo implica a obriga da súa inclusión na declaración anual da Renda ou IRPF e a emisión por parte da escritora ou escritor dun recibo polo importe bruto acordado ao que se lle aplicaríase únicamente a retención do 15% de IRPF. No caso de ser persoa física traballadora autónoma, profesional ou empresaria individual en situación de alta no RETA da Seguridade Social e obter rendementos económicos pola realización dunha actividade económica, segundo os criterios vistos con anterioridade e sempre que as charlas, conferencias ou sesións docentes estén relacionadas na súa temática con dita actividade e non constitúan unha ordeación de medios ou recursos humanos dirixida á prestación dun servizo, os rendementos económicos obtidos serán considerados como un rendimento máis da actividade económica que só no caso de cumprir co requisito recollido no artigo 20. 1. 10º da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE consideraránse exentas de IVE, en concreto: *“As clases a título particular prestadas por persoas físicas sobre materias incluídas nos plans de estudo de calquera dos niveis e grados do sistema educativo.”*

Aínda neste suposto, de ser traballadora autónoma e obter rendementos económicos suxeitos á autoliquidación trimestral e anual do IRPF e do IVE, sempre se pode declarar os importes recibidos nos supostos recollidos no artigo 17.2 da Lei do IRPF como rendementos asimilados aos rendementos de traballo na declaración anual da Renda.

Por último, unha breve mención á cuestión da recente incorporación normativa da compatibilidade da percepción de rendementos económicos por dereitos de autor e a percepción de pensión de xubilación mediante a aprobación polo Congreso dos Diputados e Diputadas, o pasado 26 de abril de 2019, do RD 302/2019. A partir da súa entrada en vigor a escritora ou escritor beneficiaria dunha pensión de xubilación contributiva que se adique á creación literaria poderá optar pola aplicación do réxime xurídico da modalidade de compatibilidade entre pensión e traballo ou ben pola suspensión do percibo da súa pensión. Para poder optar pola modalidade de compatibilidade deberá tramitar a súa solicitude de alta ou continuidade na Seguridade Social, no réxime que corresponda así como cumprir cos requisitos e obrigas recollidos no citado Real Decreto. Esta compatibilidade foi ampliada ao réxime das clases pasivas, é dicir, ao réxime das funcionarias e funcionarios do Estado, mediante aprobación da Lei 11/2020 de 30 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021 na que se recolle a modificación do artigo 33.2 da Lei de Clases Pasivas no sentido de facer compatible os rendementos obtidos no desempeño dunha actividade artística, neste caso a literaria, derivados dos dereitos de propiedade intelectual, incluídos os xerados pola súa transmisión a terceiros, coa percepción do 100% da pensión de xubilación. Tras esta ampliación da compatibilidade de ambos ingresos tan só quedan excluídas de desta ventaxa as autoras e autores xubiladas con dereito a pensión de xubilación non contributiva e as autoras e autores beneficiarias dunha pensión de invalidez.

Estas son a grandes rasgos as obrigas e dereitos que nas súas relacións coa administración pública, xa sexa en materia de traballo cuxa competencia corresponde á Seguridade Social ou en materia fiscal a cal corresponde á Axencia Tributaria dependente de Facenda, afectan ás escritoras e escritores no exercicio da súa actividade creativa.

Como se pode apreciar a delimitación conceptual, económica e xurídica, dos distintos elementos que condicionan os rendementos obtidos pola mera creación dunha obra literaria, en concepto de dereitos de autor, e as contraprestacións obtidas pola realización dunha actividade económica así como das obrigas formais e materiais que deses elementos se derivan non é unha tarefa sinxela se non se conta co marco conceptual e técnico adecuado ademais de que a falta de concreción e adaptación da normativa vixente ás especificidades da creación artística no noso país non nos facilitan especialmente o traballo, nin ás persoas suxeitos pasivos das obrigas administrativas e tributarias nin ás técnicas especialistas. Se do presente informe quizáis non se derive unha explicación extensa de cada un deses conceptos sí que coa súa redacción pretendeuse unha conexión dos mesmos coa práctica diaria das autoras e autores que quizáis atipen na súa lectura unha ferramenta útil na concreción da súas dúbidas de maneira que ténndoas presentes poidan evitar, mediante a súa consulta, calquera acción ou omisión que dera lugar a unha posible infracción ou sanción administrativa non desexada.

A obra literaria e a propiedade intelectual

O mero feito da creación dunha obra literaria dá lugar ao nacemento do dereito de propiedade intelectual a favor da súa autora ou autor. As escritoras e escritores porén son as titulares dun complexo e extenso entramado de relacións xurídicas que configuran a vida do dereito de propiedade intelectual. O coñecemento dos dereitos concretos, das obrigas propias e de terceiros, da súa extensión e límites, da súa xestión e explotación resulta indispensable para a efectiva protección das obras literarias así como para a correcta xestión dun patrimonio intelectual que pode chegar a converterse un importante medio de vida, recoñecemento intelectual ou arquivo histórico.

No principio da creación e da propiedade intelectual sitúase a figura da autora ou autor, entendida como a persoa natural que crea unha obra literaria, artística ou científica, aínda que se acepta que en determinadas circunstancias poida considerarse como autora a unha persoa xurídica, tal é o caso das obras anónimas ou pseudónimas propiedade das persoas xurídicas que as dan a coñecer mentres non conste a identidade da autora ou autor, das obras colectivas pertencentes á editorial ou entidade que as edite ou divulgue ou da creación de programas de ordenador. Persoa natural é toda persoa polo feito do seu nacemento, feito polo que adquire capacidade xurídica. O concepto de autora en tanto persoa natural exclúe entón as creacións naturais como poidan ser os sons da natureza, – sen perxuízo dos dereitos das persoas ou entidades titulares das grabacións dos mesmos – ou as xeradas de maneira automática por unha máquina aínda que sí se inclúen dentro das obras artísticas cando se realizan baixo as instrucións dunha persoa natural, por exemplo no caso da música electrónica.

A autora ou autor pode ser unha persoa maior de idade, con plena capacidade de xestión sobre as súas obras pero pode ser tamén unha persoa maior de idade incapacitada. Nestes casos o exercicio dos seus dereitos corresponderá á persoa tutora ou representante legal. Pode darse o caso de que sexa unha ou un menor de idade entre os 16 e 18 anos, independizada e con capacidade plena sobre os seus dereitos ou ser persoa menor de 18 anos non emancipada e polo tanto ter a xestión delegada dos seus dereitos nos seus pais ou titores.

A duración dos dereitos de propiedade intelectual está intimamente relacionada coa dobre natureza xurídica dos mesmos xa que a propiedade intelectual desdóbrase nos dereitos morais ou persoais e nos dereitos patrimoniais ou de explotación. Os primeiros duran toda a vida das autoras e autores, e dous deles – o dereito de paternidade e o de integridade –, incluso para sempre. Pola contra, os dereitos patrimoniais ou de explotación duran toda a vida da autora ou autor e setenta anos máis despois da súa morte ou declaración de falecemento. Unha vez finalizado este período temporal, as obras pasan a formar parte do dominio público o que significa que poderán ser utilizadas por calquera sen necesidade de autorización previa dos seus titulares e sen ter que aboar cantidade algunha sempre e cando se respecte a autoría e a integridade da obra. O anterior sen perxuízo dos cálculos de prazos que poidan derivarse da lexislación previa á actual, da existencia de outras obras dentro da obra que pasa a dominio público por ser obra composta ou da pervivencia de dereitos de obras derivadas como poden ser as traducións, que son obras independentes.

Dereitos morais e dereitos patrimoniais

Os dereitos morais, que son irrenunciabes e inalienables, teñen como obxecto a protección da relación entre obra e autora e están recollidos no artigo 14 do RDL 1/1996 de 12 de abril polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual regularizando, aclarando e armonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia (LPI) e son: i) O dereito de divulgación ou a capacidade de decidir sobre se a obra debe facerse pública e que é distinto ao de publicación ou decisión de poñer a obra á disposición do público mediante un número concreto de exemplares; ii) O dereito de paternidade ou dereito a esixir e obter o recoñecemento da condición de autora ou autor da obra; iii) O dereito á integridade ou facultade de esixir o respecto á integridade da obra e impedir calquera deformación, modificación, alteración ou atentado contra ela que supoña perxuízo dos seus lexítimos intereses ou menoscabo á súa reputación; iv) O dereito de modificación ou dereito de modificar a obra se a autora ou autor así o desexa con independencia de que os dereitos de explotación estén cedidos a terceiros, sempre e cando as modificacións non sexan substanciais e den lugar ao nacemento dunha obra nova; v) O dereito de retirada da obra do comercio que permite á autora ou autor retirar do comercio a súa obra por cambio das súas conviccións morais ou intelectuais sen pexuízo da indemnización a terceiros que corresponda; e vi) O dereito de acceso ao exemplar único ou raro da obra.

A diferenza dos anteriores, os dereitos patrimoniais, tamén chamados económicos ou de explotación, permiten á autora ou autor obter un rendemento pola explotación económica da súa obra. Entre eles diferénciase os dereitos patrimoniais de exclusiva dispoñibilidade e libre transmisión por parte da autora ou autor e os dereitos irrenunciabes de xestión colectiva obrigatoria. En canto aos primeiros o artigo 17 e ss. da LPI distingue:

- Dereito de reprodución ou incorporación total ou parcial da obra a un soporte referido á primeira fixación da obra, á fabricación de copias – por exemplo a impresión de exemplares dun libro – ou ao cambio de soporte, é dicir referido á fixación directa ou indirecta, provisional ou permanente, por calquera medio e en calquera forma, de toda a obra ou parte dela, que permita a súa comunicación e obtención de copias.

- Dereito de distribución ou decisión sobre a posta a disposición do público do orixinal ou das copias dunha obra, nun soporte tanxible mediante a súa venda, aluguer, préstamo ou calquera outra forma. A lei contempla tres modos de distribución: i) A venda ou adquisición dunha copia da obra, a cal non implica a transmisión de dereito algún sobre a obra senón unicamente sobre o soporte e agótase, dentro do territorio europeo, coa primeira venda, pudiendo vender por segunda ou sucesivas veces dita copia sen necesidade de autorización; ii) O aluguer ou posta a disposición da obra por tempo limitado cun beneficio económico ou comercial directo ou indirecto e iii) o préstamo.

- Dereito de comunicación pública referido a todo acto en virtude do cal unha pluralidade de persoas poida ter acceso á obra sen previa distribución de exemplares de cada unha delas salvo cando a mesma teña lugar nun ámbito estritamente doméstico que non esté integrado ou conectado a unha rede de difusión de calquera tipo. Son actos, de comunicación pública, segundo o art. 20 da LPI, referidos a obras literarias: i) As actuacións en directo, tales como representacións escénicas,

recitacións, disertacións e execucións públicas de obras dramáticas ou literarias; ii) A emisión de calquera obra por radiodifusión ou por calquera outro medio que sirva para difusión inalámbrica de signos, sonso u imaxes; iii) A radiodifusión ou comunicación ao público vía satélite; iv) a transmisión das obras literarias por fío, cable, fibra óptica ou outro procedemento análogo, sexa ou non mediante abono; v) A exposición pública das obras literarias ou das súas reproducións; vi) A posta a disposición da obra en Internet ou procedementos inalámbricos de tal forma que calquera persoa poda acceder a elas desde o lugar e no momento que elixa; Ou vii) o acceso público en calquera forma ás obras incorporadas a unha base de datos. Ao igual que sucede coa reprodución, o exercicio do dereito de comunicación pública admite a comunicación total ou parcial da obra. Este dereito non afecta únicamente á autora ou autor senón tamén a produtoras, artistas, intérpretes e executantes e debido á complexidade da súa xestión e seguemento dos actos que supoñen o seu exercicio, a xestión do mesmo soe estar encomendada mediante contrato, ás entidades de xestión colectiva tradicionais como a SGAE ou CEDRO, ou aos novos operadores independentes de xestión colectiva. Dado que a realización de calquera acto que implique o exercicio do dereito de comunicación pública por parte dos usuarios require dunha autorización para cada unha das obras, a mesma soe prestarse mediante licencias das entidades de xestión colectiva dos dereitos de propiedade intelectual, no caso das autoras e autores de obras literarias CEDRO, que autoriza á utilización do todo o seu repertorio.

- Dereito de transformación ou tradución, adaptación ou calquera outra modificación na forma da obra da que se derive unha obra diferente. Este dereito ten unha íntima relación co dereito moral de modificación da obra e tamén co de integridade é por iso que ademáis de contar coa autorización do titular dos dereitos patrimoniais de natureza económica, como poida ser a editora ou editor cómpre contar coa autorización do titular dos dereitos morais, é dicir, a autora ou autor. A transformación ou tradución da obra orixinal da lugar a unha obra nova e independente cuxa propiedade intelectual pertencerá á tradutora ou tradutor o que non supón a desaparición da necesaria autorización ou dereito da autora ou autor da obra preexistente para a súa explotación.
- Dereito de colección ou reserva a favor da autora ou autor de publicar as súas obras reunidas en colección escollida ou completa con independencia das cesións de dereitos que fixera con anterioridade.

Ademáis dos anteriores existen outros dereitos de carácter patrimonial, chamados de simple remuneración, cuxa xestión debe realizar por previsión da LPI unha entidade de xestión colectiva das autorizadas en España polo Ministerio de Cultura e Deporte. É importante neste punto sinalar a diferenza entre entidades de xestión colectiva e operadores de xestión independente. As primeiras son entidades de natureza asociativa sen ánimo de lucro que necesitan autorización do Ministerio de Cultura e Deporte e poden ser nacionais ou extranxeiras sen establecemento no territorio español. Os segundos son entidades de natureza empresarial legalmente constituídas, con ánimo de lucro, que non poden ser propiedade das titulares dos dereitos de propiedade intelectual – xa sexan autoras, produtoras, editoras ou axentes – e están autorizadas para a xestión colectiva de dereitos mediante un contrato de mandato otorgado polas autoras ou autores.

Pero a diferenza máis importante ten relación coa xestión dos dereitos de simple remuneración e radica no feito de que as primeiras son as únicas habilitadas legalmente para a súa xestión colectiva, exista ou non mandato das autoras ou autores, se ben soen ter encomendada tamén – entre outros motivos porque ata a inclusión en 2018 na LPI dos operadores de xestión independente non existía outra alternativa – mediante a sinatura do correspondente contrato, a xestión dos dereitos exclusivos de tipo patrimonial (sobre todo o dereito de comunicación pública, pola diversidade e dificultade do seu seguemento en casos como o acceso ás obras literarias en Internet).

Os dereitos de simple remuneración, no das caso escritoras e escritores son: i) O dereito de compensación por copia privada ou reprodución de obras divulgadas previamente en forma de libros ou medios asimilables, realizada mediante instrumentos técnicos non tipográficos exclusivamente para uso privado, sin fins comerciais. Esta reprodución según a LPI xerará unha compensación equitativa cara os titulares das obras orixinais. ii) O dereito de remuneración por copias privadas na Universidade e centros público de investigación ou reprodución de obras orixinais no ámbito universitario e centros de investigación pode supoñer unha remuneración para os seus autores, sempre tendo en conta as excepcións fixadas pola LPI; iii) Dereito de remuneración por préstamo público: a posta a disposición de orixinais ou copias de esos orixinais dunha obra literaria por tempo limitado sen beneficio económico por medio de establecementos accesibles o público como bibliotecas e similares xenera unha remuneración para o autor.

Límites dos dereitos de propiedade intelectual

O exercicio dos dereitos de propiedade intelectual, como o de todos os dereitos está sometido a uns límites que aparecen recollidos nos artigos 31 a 40 da LPI. Insistimos na recomendación da lectura do texto lexislativo para unha mellor comprensión e aplicación dos imperativos legais na xestión dos dereitos de propiedade intelectual. Os principios nos que se basa a aplicación destes límites teñen o seu fundamento no dereito internacional, en concreto no Convenio de Berna de 1886, a Directiva 2001/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello e os acordos ADPIC, e son fundamentalmente tres: i) que veñan referidos a determinados casos especiais, ii) que non atenten contra a normal explotación da obra e iii) que non causen perxuízo inxustificable aos intereses lexítimos da autora ou autor.

Os límites aos dereitos de propiedade intelectual, é dicir, os casos nos que resulta lexítima a utilización de obras protexidas sen necesidade da preceptiva autorización son:

- As reproducións provisionais sempre e cando carezan por sí mesmos dunha significación económica independente, sexan transitorios ou accesorios e formen parte esencial dun proceso tecnolóxico e cuxa finalidade consista en facilitar a transmisión en rede entre terceiras partes por un intermediario ou unha utilización autorizada ben pola autora ou autor ou pola lei; o que se coñece como copias técnicas.

- A copia privada ou reprodución, en calquera soporte, sen asistencia de terceiros, de obras xa divulgadas sempre e cando se leve a cabo por unha persoa física para o seu uso privado, non profesional nin empresarial en sen fins comerciais, que se realice a partir dunha fonte lícita e que a copia obtida non sexa obxecto de utilización colectiva nin lucrativa.
- A reprodución ou distribución dunha obra protexida con fins de seguridade pública ou desenvolvemento de procedementos administrativos, xudiciais ou parlamentarios.
- A accesibilidade por persoas con discapacidade, neste caso non necesitarán da autorización da autora ou autor os actos de reprodución, distribución e comunicación pública de obras xa divulgadas que se realicen en beneficio de persoas con discapacidade sempre que carezan de finalidade lucrativa, garden unha relación directa coa discapacidade de que se trate, se leven a cabo mediante un procedemento ou medio adaptado á discapacidade e se limiten ao que esta esixe. O artigo 31 ter da LPI reserva un parágrafo especial para o acceso a textos impresos de persoas cegas ou con discapacidade visual ou dificultade especial adicado á autorización ás entidades autorizadas establecidas en España á produción de exemplares en formato accesible de obras para uso exclusivo de persoas cegas sempre e cando dita produción non entre en conflito coa explotación normal da obra e non se prexudiquen en exceso os intereses legítimos do titular do dereito.
- Citas e reseñas e ilustración con fins educativos ou de investigación científica. Cabe sinalar que este límite ten unha especial transcendencia en relación á obra literaria e que ademáis ten unha natureza especialmente restrictiva na nosa lexislación. O dereito de cita defínese como a inclusión nunha obra propia de fragmentos de obras alleas de natureza escrita, sonora ou audiovisual, así como de obras aisladas de carácter plástico ou fotográfico figurativo; referida á inclusión literal. Pero para que exista o dereito a cita deben concurrir ademáis, os seguintes requisitos: i) que se trate de obras xa divulgadas, ii) que se realice coa finalidade de cita, análise, comentario ou xuízo crítico, iii) que teña fins docentes ou divulgativos, iv) se indique sempre a fonte e nome da autora ou autor da obra utilizada. O artigo 32 da LPI, no que se recolle o límite de cita fai referencia tamén ás recopilacións periódicas efectuadas en forma de reseñas ou revista de prensa otorgándolles a natureza de cita coa mención específica de que cando se realicen recopliacións de artigos periodísticos que consistan basicamente na súa mera reprodución con fins comerciais a autora ou autor cando non se teña oposto expresamente terá dereito a percibir unha remuneración equitativa; no caso de oposición expresa da autora ou autor dita actividade non se entenderá amparada por este límite de cita e reseña e en todo caso, a reprodución, distribución ou comunicación pública total ou parcial de artigos periodísticos aislados nun dossier de prensa que teña lugar dentro de calquera organización requirirá a autorización dos titulares dos dereitos. No apartado 2 do artigo anterior faise mención así mesmo do dereito das editoras ou outros titulares de dereitos a percibir unha compensación equitativa no caso da posta a disposición do público por parte de prestadores de servizos electrónicos de agregación de contidos de fragmentos non significativos de contidos, divulgados en publicacións periódicas ou en sitios web que teñan finalidade informativa. Dito dereito farase efectivo a través das entidades de xestión colectiva.

- Constitúen outros límites aos dereitos de propiedade intelectual: i) a reprodución, distribución e comunicación pública de traballos e artigos sobre temas de actualidade sempre que se cite a fonte e a autora ou autor e non conste a reserva de dereitos, sen perxuízo do dereito a percibir a preceptiva remuneración acordado ou en todo caso equitativa, ii) a utilización de bases de datos polo usuario lexítimo e limitacións aos dereitos de explotación da persoa titular dunha base de datos; iii) a utilización das obras con ocasión de informacións de actualidade e a reprodución, distribución e comunicación pública por medio de pinturas, debuxos, fotografías e procedementos audiovisuais das situadas nas vías públicas; iv) o uso das bases de datos por parte das persoas usuarias lexítimas; v) as grabacións técnicas necesarias para a retransmisión por cable e vía satélite; ou vi) a utilización de obras protexidas en actos oficiais e ceremonias religiosas; vii) ou a parodia feita sobre unha obra xa divulgada, que non supoña risco de confusión coa obra preexistente e que non exista dano algún á obra orixinal ou a súa autora ou autor; viii) o caso das “obras orfas” referido a aquelas obras que tendo os seus dereitos en vigor e polo tanto non estar en situación de dominio público, por calquera motivo é moi difícil atopar ás persoas ou entidades titulares dos dereitos; ix) a tutela do dereito de acceso á cultura relativo a potestade da administración pública, entidades de interés cultural ou persoa con interés lexítimo de solicitar en sede xudicial, en relación ás garantías protexidas no artigo 44 da Constitución, a divulgación por parte dos herdeiros dunha autora ou autor, das súas obras non coñecidas.

- Mención específica require, pola súa especial relación coa obra literaria, o límite dos dereitos de propiedade intelectual consistente na reprodución, préstamo e consulta de obras en determinados establecementos e repositorios institucionais xa sexa físicos, como as bibliotecas ou os arquivos ou dixitais de posta a disposición *online* das obras literarias. En relación a este límite, no territorio nacional, os museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas de titularidade pública ou que pertencen a entidades de interés xeral de carácter cultural, científico ou educativo sen ánimo de lucro, ou a institucións docentes integradas no sistema educativo español, non precisarán autorización dos titulares dos dereitos para os préstamos que relaice, sen perxuízo do dereito de ditos titulares a percibir o chamado “canon de bibliotecas” a través de xestión das entidades de xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual.

- Tampouco é necesaria a autorización e tamén procede a remuneración equitativa das autoras e autores no caso dos actos de comunicación pública ou posta a disposición con fins de investigación ou conservación mediante rede pechada e interna en determinados terminais especializados instalados nos espazos antes citados sempre que as obras formen parte das súas coleccións. É importante sinalar que estarán excluídos da obriga de abonar a remuneración equitativa aqueles establecementos públicos situados en concellos de menos de cinco mil habitantes.

- Respecto dos repositorios institucionais, sitios web dependentes dos sistemas bibliotecarios onde se depositan obras en formato dixital producidas por persoas integrantes da propia institución, de acceso libre mediante licencias abertas con fins docentes e investigadores, sinalar que poden producirse conflitos no caso da publicación de artigos previamente publicados en revistas ou bases de datos titulares dos dereitos exclusivos, entre os dereitos das autoras e autores, os das institucións e os das editoras que normalmente soen solucionarse mediante a exclusividade temporal de acceso a ditos contidos antes de que pasen a formar parte de ditos repositorios institucionais.

A transmisión dos dereitos de explotación

Como se pode observar, non son poucos os conceptos xurídicos a ter en conta no normal desenvolvemento da vida dos dereitos de propiedade intelectual que forman parte da esfera persoal das escritoras e escritores. É por este motivo que na maioría dos casos, cando a explotación da obra literaria traspasa a dimensión do persoal e entra en contacto cos usos e costumes do comercio e do tráfico xurídico, o máis eficiente é a cesión de ditos dereitos xa sexa a figuras como as axentes literarias ou representantes, as editoriais ou as entidades de xestión colectiva de dereitos xa sexan de tipo tradicional ou de nova creación como os operadores de xestión independentes. O anterior tendo sempre en conta que existen determinados dereitos, en concreto os de simple remuneración, que obrigatoriamente esixen a intervención das primeiras.

Os dereitos de propiedade intelectual, patrimoniais exclusivos ou de explotación (reproducción, distribución, comunicación pública e transformación), que non os de simple remuneración, poden ser transmitidos ou cedidos xa sexa en vida da autora ou autor (inter vivos) ou por causa do seu falecemento (*mortis causa*). Vexamos cales son as principais características deste negocio xurídico de transmisión ou cesión. En termos xerais a forma xurídica deste tipo de transmisión é o contrato, figura negocial rexida polo principio da autonomía da vontade, ou de liberdade de pacto das partes; se ben este principio limítase con numerosas previsións normativas recollidas principalmente na LPI orientadas á protección das autoras e autores fronte a posición privilexiada doutro tipo de entidades dirixidas á explotación comercial das obras de creación literaria.

Respecto da forma deste tipo de contratos, a LPI establece que é necesaria a forma escrita se ben é importante ter en conta que se pode inferir a validez de certos pactos cando ten lugar a manifestación inequívoca da aceptación dunha oferta ou a realización de actos propios conducentes á expresión da vontade de explotación da obra por parte da autora ou autor, se ben no ámbito editorial é fundamental esixir, para a efectiva protección tanto da autora como da editorial, a redación dun contrato escrito que ha de incluír necesariamente todas ás referencias ao contido obrigatorio do contrato de edición recollido nos artigos 58 a 73 da LPI. En xeral, na transmisión de dereitos de propiedade intelectual hai que ter en conta que non se poden transmitir os dereitos morais en vida da autora ou autor, que é nula a cesión de dereitos respecto ás obras futuras que se poidan crear igual que o pacto polo que a autora ou autor se comprometa a non creación de máis obras, que a transmisión de dereitos realizada hoxe non alcanzará ás modalidades ou medios de difusión descoñecidos ou futuros.

Igualmente é imprescindible que toda transmisión fixe o obxecto do que se cede, por canto tempo se cede e para qué ámbito territorial se cede aínda que respecto a duración temporal do contrato a LPI introduce un límite claro de máximo quince a anos a contar desde que a autora ou autor pon a disposición da editora o orixinal da obra en condicións de ser reproducida se a remuneración é proporcional ou de dez anos se é a tanto alzado. Debe recoller, todo contrato, se a cesión se realiza a título exclusivo ou non xa que de non facer referencia a este extremo presúmese que a cesión é non exclusiva. Ceder un dereito de explotación de forma exclusiva implica que a editorial ou persoa á que se cede, dentro dos límites pactados, pode levar a cabo a explotación da obra con exclusión de calquera outra persoa, incluído e isto é importante, a autora ou autor e otorgar, salvo que se pacte o contrario no contrato, licencias non exclusivas a outras editoriais ou persoas físicas.

No caso de ser unha cesión non exclusiva a editorial ou persoa á que se ceden, (cesionaria), poderá explotar a obra en concorrencia con cantas outras persoas sexan titulares da mesma cesión incluíndo a propia autora ou autor.

Outro elemento imprescindible de calquera contrato de cesión de dereitos é a remuneración. Dous son os sistemas de remuneración recollidos pola LPI e utilizados tradicionalmente no tráfico xurídico contractual; se ben como veremos a opción intermedia ou de tipo mixto soe ser a que máis se axusta aos intereses das creadoras. A primeiras das opcións é o sistema proporcional de participación nos ingresos obtidos coa explotación da obra. Esta porcentaxe soe calcularse sobre o precio de venda excluído o IVE e págase normalmente en liquidacións trimestrais, semestrais ou anuais. A segunda opción é a da tanto alzado en virtude da que a cesionaria ou editorial neste caso, págalle á autora ou autor unha cantidade fixa acordada en función das previsións de beneficios a obter coa explotación da obra, o que non sempre é fácil de calcular. Pero esta segunda modalidade de remuneración ten que cumprir algún dos requisitos previstos pola LPI, para que sexa de aplicación, a saber: i) que segundo a modalidade de explotación da obra exista unha grave dificultade na determinación dos ingresos ou a súa comprobación resultara imposible ou dun coste desproporcional, ii) que a utilización da obra teña carácter accesorio respecto da actividade ou obxecto material ao que se destinen, iv) que a obra utilizada xunto a outras non sexa un elemento esencial da creación intelectual ou v) que se trate da primeira ou única edición dunha obra non divulgada anteriormente considerada dicionario, antoloxía ou enciclopedia, prólogo, anotación, introducción ou presentación, obra científica, traballos de ilustración dunha obra, traducións ou edicións populares a precios reducidos. No caso de optar pola opción do tanto alzado, se se chegara a producir unha importante desproporción entre a remuneración da autora ou autor e os beneficios obtidos coa explotación da obra, aquela podería solicitar a revisión do contrato dentro do prazo de dez anos seguintes á sinatura do contrato ou acudir á sede xudicial para a súa determinación. Dadas todas estas dificultades o máis habitual e convinte é optar por un sistema intermedio de tipo mixto consistente en pactar unha remuneración fixa vixente ata alcanzar a venda dun determinado número de exemplares e a aplicación dun sistema proporcional de porcentaxe sobre os beneficios en caso de superar dito número.

Ademáis destes elementos esenciais e imprescindibles de toda cesión de dereitos ou contrato, como dicíamos con anterioridade, a LPI prevé unha regulación específica para o contrato de edición. Polo tanto os contratos que escritoras e escritores asinan coas súas editoriais non poden prescindir, baixo condición de nulidade, dos contidos e requisitos legais previstos na normativa vinculante. Obviamente non fai falla mencionar que a falta ou ausencia de contrato na relación entre autoras e editoriais é unha total anomalía xurídica que pode ser fonte de importantes desventaxes sobre todo para a editorial xa que a presunción legal que opera no caso de non existir un contrato é a que interpreta que ditos dereitos de propiedade intelectual permanecen sempre na esfera persoal da autora ou autor. Vexamos pois cales son estes contidos e requisitos tanto formais como materiais, esixidos pola LPI.

O contrato de edición

O artigo 58 da lei de Propiedade Intelectual define o contrato de edición como aquel polo que o autor cede á editorial, mediante compensación económica, o dereito de reprodución e distribución, ou de comunicación pública no caso dunha edición dixital, dunha obra literaria en virtude do cal a editorial obrígase á realización de cantas operacións sexan necesarias para que a edición teña lugar pola súa conta e risco, nas condicións pactadas e con suxeición ao disposto na lei. O contrato é polo tanto un pacto escrito no que se regulan todas as contingencias que poidan suceder no futuro, desde o momento que se entregue a obra ata a extinción da relación xurídica e económica que supón a edición da obra literaria en forma de libro.

Son suxeitos do contrato de edición a parte cedente, a autora, autor, autores ou outras titulares de dereitos como poidan ser as herdeiras; e a parte cesionaria, normalmente a editora, que por conta propia leva a cabo a correcta publicación e difusión do libro.

Será obxecto do contrato de edición e polo tanto da cesión, únicamente os dereitos de explotación e modalidades recollidas no contrato. É absolutamente necesario especificar no contrato que dereitos patrimoniais ou de explotación e en qué modalidades son obxecto de cesión, do contrario entenderanse non incluídas salvo que foran imprescindibles para a realización da publicación en forma de libro o que inclúe, como non podía ser doutro xeito, todo tipo de soportes susceptibles de ser lidos, tal e como recolle o artigo 2 da Lei 10/2007 de 22 de xuño da lectura, do libro e as bibliotecas.

A forma esixida pola LPI para o contrato editorial é a escrita. Respecto ao contido mínimo ou obrigatorio do contrato de edición, que segundo o artigo debe recoller: i) Se existe exclusividade ou non na cesión de dereitos de explotación, ii) O ámbito territorial tendo en conta que na actualidade a posta a disposición das usuarias dunha obra en Internet, implica un ámbito mundial; iii) O número máximo e mínimo de exemplares de cada edición, baixo sanción de nulidade radical do contrato no caso de non incluír este extremo; iv) A forma de distribución dos exemplares da obra, cantos se reserva o autor e cantos están destinados á crítica e promoción; v) A remuneración pactada coa autora ou autor e a súa modalidade de cálculo, a non inclusión deste extremo suporá a nulidade radical do contrato, vi) O prazo previsto para posta en circulación dos exemplares, que non poderá exceder de 2 anos desde a entrega a obra; vii) O prazo no que a autora ou autor debe entregar a obra para a súa edición; viii) A lingua ou linguas nas que se vai a editar a obra coa presunción de que no caso de non facer referencia a este punto, a editorial só poderá publicala no idioma en que

foi entregada, e coa especificidade de que cando o contrato estableza a edición en varias linguas españolas oficiais, a publicación nunha delas non exime á editorial da obriga de editala nas demais no prazo de 5 anos, transcorridos os cales, se non se cumpriu con esta obriga a autora ou autor terá a facultade de resolver o contrato respecto das linguas nas que non se publicou e dispoñer de novo dos seus dereitos respecto da edición nese idioma; viii) O anticipo que a editorial concede a autora ou autor polos seus dereitos; ix) A modalidade ou modalidades de edición e soportes nos que se fabricará o libro así como a previsión de se este formará parte dunha colección, con identificación da mesma.

Ademais do anterior recoméndase incluír no contrato de edición: i) O título da obra, que por condicionantes comerciais pode quedar en mans da editora; ii) O contido dos créditos; iii) A inclusión ou non dun índice onomástico e quen será a persoa responsable de confeccionalo; iv) a previsión de acontecementos como o falecemento da autora ou autor e as súas consecuencias; v) As necesarias previsións sobre a explotación dixital da obra e posibles transformacións da mesma; vi) A descripción da portada e contraportada do libro, ilustracións ou notas biográficas; vii) O desconto que poda aplicarse a autora ou autor por adquisición de exemplares do libro; viii) A cesión de dereitos subsidiarios como poidan ser a adaptación do libro a formato cinematográfico, escénico ou televisivo; ix) O consentemento da autora ou autor á editorial para perseguir posibles infraccións dos seus dereitos por parte de terceiras persoas; x) Os termos da posible colaboración na promoción do libro; xi) O reparto de dereitos coas autoras ou autores de ilustracións no caso de que estas formaran parte da edición; xii) A obrigada notificación á autora ou autor da cesión de dereitos feita pola editorial a terceiros; xiii) A necesaria cesión dos dereitos de imaxen da autora ou autor para a inclusión de fotografías na páxina web da editorial o unas campañas de promoción; ou xv) os pactos de confidencialidade que se acordaran entre as partes.

Son obrigas da editorial, de acordo co artigo 64 da LPI: i) Reproducir a obra no formato convidado; ii) Non introducir modificación algunha que non consentida; iii) Incluír o nome ou signo identificativo da autora ou autor concertado no contrato; iv) Presentar as probas de tirada á autora para que poida comprobar que non existe alteración ou erro; v) A distribución da obra no prazo e nas condicións pactadas; vi) A explotación continuada da obra, dentro dos usos habituais do sector profesional da edición incluíndo todas as modalidades recollidas no contrato xa sexan en papel como electrónicas; vii) Satisfacer á autora ou autor a remuneración estipulada dentro dos prazos establecidos, coa correspondente liquidación dos libros vendidos no caso de que así se estableza, a autora ou autor pode solicitar a xustificación dos datos relativos aos exemplares existentes, distribución, ou número de vendas, incluso segundo o artigo 72 da LPI, pode recurrir ao control de tirada ou a solicitude á entidade impresora, do documento de manifestación do número de exemplares impresos por tirada de obrigada entrega á editorial cuxo incumprimento e causa facultativa de resolución do contrato; e ix) Devolver o orixinal da obra despois das labores de edición e impresión do libro. Pola súa parte, a autora ou autor de acordo co artigo 65 da LPI ten a obriga de: i) Entregar á editora en debida forma para á súa reprodución e dentro do prazo convidado que segundo a LPI debe ser o do momento da sinatura do contrato, a obra obxecto de edición, un prazo de especial importancia xa que determina o inicio do cómputo doutros prazos como o de posta en circulación da obra; ii) Responder ante a editora da autoría e orixinalidade da obra así como do exercicio pacífico dos dereitos cedidos; e iii) Correxir as probas de tirada, salvo pacto en contrario.

A LPI fai referencia a venda en saldo e destrucción de exemplares no artigo 67 onde se establece que pasado o prazo de dous anos desde a edición do libro ou antes dese momento co expreso consentemento da autora ou autor, a editorial poderá proceder á venda en saldo ou rebaixa do prezo do libro. En todo caso a editora deberá notificar esta decisión de xeito fehaciente a autora ou autor que tras dita notificación poderá adquirir os libros exercendo o seu dereito de tanteo sobre o prezo de saldo fixado pola editora ou ben no caso de que o contrato fixe unha remuneración proporcional sobre os beneficios, obter o 10% das cantidades obtidas coa venda en saldo.

A editoria tamén pode optar coas mesmas condicións de notificación e prazos, para a eliminación de stock, pola destrucción de exemplares caso no que a autora ou autor poderá solicitar no prazo de 30 días, que se lle entreguen ditos exemplares os cales non poderá distribuir baixo ningunha forma comercial.

Polo que se refire á extinción do contrato de edición, de acordo co artigo 69 da LPI serán casusas da mesma ademáis das comúns aplicables a calquera contrato privado, as seguintes: i) O remate do prazo pactado; ii) A venda total de exemplares; iii) O transcurso do prazo máximo de dez anos desde a cesión dos dereitos por parte da autora ou autor, se a remuneración se tivera fixado a tanto alzado; iv) En todo caso, o transcurso de quince anos desde a posta a disposición da editora a obra por parte da autora ou autor. Desde o momento da extinción do contrato a autora ou autor recuperará a enteira disponibilidad sobre os seus dereitos exclusivos de propiedade intelectual que poderá volver transmitir a un terceiro ou conservar na súa esfera persoal. Así mesmo salvo pacto en contrario recollido no contrato, a cesionaria ou editora poderá no prazo dos tres anos seguintes á data da extinción do contrato, enaxenar os exemplares dos aúñ puidera dispor tendo a autora ou autor o dereito a adquirilos polo 60% do seu prezo.

Diferente da extinción ou finalización normal do contrato de edición é o caso da súa resolución por causas sobrevidas como poidan ser: i) O feito de que a editora non cumpla coas súas obrigas contractuais nos termos e prazos pactados; ii) O non sometemento das probas de edición á autora ou autor; iii) O feito de non asegurar a editora a explotación continua e a difusión comercial da obra; iv) O impago da remuneración pactada; v) A venda en saldo sen observación dos requisitos de notificación previstos na lei; vi) A cesión non lexítima por parte da editora de dereitos a terceiros; vii) O feito de que esgotadas as edicións pactadas a editora non realice unha nova edición no prazo dun ano a contar desde o momento no que fose requerida pola autora ou autor; ou viii) nos casos de liquidación ou cambio de titularidade da editora, coa devolución por parte da autora ou autor das cantidades percibidas en concepto de anticipo. A resolución do contrato de edición non se producirá sen embargo de forma automática senón que a plena efectividade da mesma estará sometida á esixencia de determinados requisitos formais establecidos no artigo 68 da LPI.

A realidade do mundo editorial fai necesaria a referencia a outras modalidades de edición dirixidas á eliminación de intermediarios, a distribución do risco do negocio editorial ou a garantir o control directo sobre a propia produción é o caso da coedición ou a autoedición.

A coedición refírese a aquela modalidade na que a editora comparte a súa labor editorial con outra persoa física ou xurídica ou coa propia autora ou autor. As condicións singulares de cada modalidade de colaboración ou coedición debe regularse en contrato específico onde se recollan as concretas obrigas, aportacións e dereitos de cada unha das partes e en todo caso: i) A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, as modalidades e dereitos que poidan concorrer; ii) O prazo de publicación; iii) A tirada, número de edicións e reimpresións; iv) A parte responsable da corrección de probas, a maquetación, o deseño, a impresión, a distribución e o almacenaxe; v) A porcentaxe desembolsada por cada unha das partes; vi) O ámbito territorial do contrato; vii) O prezo de venda; viii) O reparto de beneficios entre editoras; ix) O periodo de duración do contrato; x) A modalidade de facturación e reparto de obrigas fiscais; xi) A lexislación aplicable no caso de intervincentes de diferentes nacionalidades.

Por outra banda, no caso da autoedición é a autora ou autor a que edita a súa propia obra literaria asumindo persoalmente ou en calidade de profesional autónoma ou empresaria – o que implica, sempre e cando non exista cesión dos dereitos de explotación a terceiros, que os beneficios obtidos terán a natureza de rendementos de actividades económicas e estarán suxeitos á aplicación do IVE, entre outras obrigas tributarias e liquidatorias fronte a Facenda e a Seguridade Social –. Distinto é o caso de utilizar para a autoedición, os chamados portais de autoedición ou editoriais online ás que se accede mediante a aceptación dunhas condicións xerais de contratación que fan as veces de contrato editorial e que implican na maioría dos casos a cesión de dereitos de propiedade intelectual coa peculiaridade de que esta cesión tan só é necesaria no caso de que o portal de autoedición asuma pola súa conta e risco as labores de edición, é dicir, que sufrague os gastos de edición, cousa que non sucede habitualmente xa que é a propia autora ou autor quen paga este tipo de servizos. Por último existen outras modalidades como as plataformas de venda final de libros electrónicos autoeditados ou posta a disposición das usuarias das obras literarias, que non necesitan da sinatura de contrato de edición e non implican cesión de dereitos de propiedade intelectual salvo a autorización para a efectiva distribución da obra que non ten por qué ser feita en exclusiva e que soe realizarse a cambio dunha porcentaxe nos resultados da venda. En calquera caso recoméndase unha especial lectura ou asesoramento técnico para a valoración das ventaxas e desvantaxas así como das obrigas fiscais e tributarias que pode supoñer a realización dunha iniciativa mercantil como poida ser a autoedición e explotación dunha obra de creación propia.

É evidente, a total normalización e constante actualización do entorno dixital produce unha serie de novas realidades ás que a interpretación xurídica e a produción normativa sobre propiedade intelectual vai adaptándose. Neste senso compre facer referencia ás modalidades de explotación das obras literarias no mundo dixital tendo en conta as dúas principais casuísticas: i) que a obra fora creada directamente en Internet e nacera por tanto no interior dun servidor en rede ou ii) que a obra fora creada inicialmente fóra de Internet e a mesma fora dixitalizada. A explotación dunha obra literaria en Internet afecta aos dereitos de propiedade intelectual de reprodución, comunicación pública na modalidade de posta a disposición, ao dereito de distribución e ao de transformación ben sexa mediante a dixitalización dunha obra, a descarga da mesma, a posta a disposición da obra sen previa descarga como poida ser o streaming ou a modalidade de libro electrónico de lectura na nube, previo pago dunha licenza de uso ou suscripción ou ben mediante a transformación da obra literaria nun audio-libro o que require do expreso consentimento da autora ou autor ou titular dos dereitos de propiedade intelectual.

Todos estes supostos deben ser obxecto dun estudo pormenorizado que excede ao obxecto do presente informe pero que en todo caso require dunha análise técnica para a debida protección dos intereses de escritoras e escritores, e incluso de editoras, axentes literarias ou editorias.

Unha das últimas previsións recollidas na LPI sobre o mundo editorial é a relativa a divulgación, que non publicación, feita por calquera persoa dunha obra inédita que esté en dominio público, é dicir, que atope máis de setenta anos despóis do falecemento da autora ou autor, e que lle otorga os mesmos dereitos de explotación que puidera ter a autora ou autor por un prazo de vintecinco anos a contar desde o un de xaneiro do ano inmediatamente posterior ao ano no que se produza a divulgación da obra.

Non queremos finalizar o presente informe sen facer referencia aos sistemas alternativos ao tradicional de propiedade intelectual basados na liberdade de acceso ao coñecemento e á información como son o *copyleft* e as licencias *creative commons*, plenamente válidos e efectivos para a suxección das obras literarias ás condicións de cita, reprodución, transformación de obra derivada e limitación do uso comercial que a autora ou autor escolla e que gozan da plena protección e recoñecemento no ámbito económico, social e xudicial.

Compre lembrar tamén que pese a que os dereitos sobre propiedade intelectual das obras literarias nacen con plena eficacia desde o momento da creación da obra é convinte e totalmente recomendable a súa inscrición no Rexistro da Propiedade Intelectual ou sistemas alternativos para a acreditación ou defensa de calquera vulneración dos dereitos da autora ou autor que se puidera producir. Lesións que de ser efectivas e non estar entre os supostos recollidos como límites aos dereitos das autoras ou autores na LPI son susceptibles de sanción e plena protección xa sexa na vía civil ou penal en sede xudicial así como na vía previa da conciliación xa sexa en sede xudicial ou mediante o asesoramento das letradas ou letrados especializadas en propiedade intelectual e mediación de conflitos que na súa maioría, dentro do ámbito do mundo cultural, obedecen máis ao descoñecemento que a unha intención real e punible de producir un dano ou perxuízo que de producirse, sen embargo, será sempre indemnizable.

Ania González Castiñeira